


PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

INGLÉS

CURSO 2021.22

3º ED. PRIMARIA



CEIP Plurilingüe
O MOSTEIRÓN

ÍNDICE:

- 1.- Introducción páx 2
- 2.- Contribución ó desenvolvemento das Competencias Clave páx 3
- 3.- Concreción para cada estándar: páx 5
 - Temporalización
 - Grao mínimo de consecución para superar a materia
 - Procedementos e instrumentos de avaliación
- 4.- Concrecións metodolóxicas páx 13
- 5.- Materiais e recursos didácticos que se van utilizarpáx 15
- 6.- Criterios sobre a avaliación e a cualificación..... páx 16
- 7.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente páx 17
- 8.Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
pax 19
- 9.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar
como consecuencia dos seus resultados páx 20
- 10.- Medidas de atención á diversidade páx 21
- 11.- Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso páx 23
- 12.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en
en relación cos resultados académicos e procesos de mellora páx 24
- 13.- Actividades complementarias.....páx 26

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Seguindo o Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria para a Comunidade Autónoma de Galicia dentro da autonomía pedagóxica dos centros educativos mencionada no artigo 6, desenvólvese e completase o currículo e as medidas de atención á diversidade, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa. Todo isto farase tendo como referente o proxecto educativo do centro onde se enmarcan as características do centro e do alumnado en xeral.

Cabe destacar que o centro no que se enmarca esta programación didáctica é o CEIP Plurilingüe o Mosteirón composto por 15 unidades, 3 de educación infantil e 12 de educación primaria (con rateo máxima de 20 alumnos/as). Conta con profesorado completo en base ao catálogo de postos de traballo.

A programación didáctica que se expón a continuación parte das premisas expostas nas resolución do 17 de xuño de 2021, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional, pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato no curso académico 2021/22.

2.- CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A distribución de competencias por estándar está reflectido no punto 3 desta programación.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición da **Competencia en comunicación lingüística** de xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira, baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua.

A achega da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral dado que as habilidades de escoitar, falar e conversar, adquiren unha relevancia singular nesta etapa. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xeral ao desenvolver a habilidade para expresarse.

A partir da adquisición da linguaxe, esta convértese en vehículo do pensamento humano, en instrumento para a interpretación e a representación da realidade e na ferramenta de aprendizaxe por excelencia. Esta materia contribúe ao desenvolvemento da **competencia para aprender a aprender** posto que acrecenta a capacidade lingüística xeral conferíndolle novas potencialidades e recursos diferentes para a comprensión e a expresión..

Esta materia é ademais un bo vehículo para o desenvolvemento da **Competencia social e cívica**. As linguas sérvenlles aos/ás falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións. Pero tamén, en boa medida, son vehículo de comunicación e transmisión cultural, e favorecen o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación das diferenzas culturais e de comportamento.

As competencias citadas están na actualidade en relación directa coa **Competencia dixital**. A utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é inherente á materia e este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

Esta materia inclúe especificamente un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala e, polo tanto, contribúe a adquirir a **Competencia de conciencia e expresións culturais** xa que propicia unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística, como na literatura infantil.

O coñecemento dunha lingua estranxeira tamén contribúe á adquisición da **Competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor** en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, e o manexo de recursos e habilidades persoais dentro da área “O coñecemento de si mesmo/a e a autonomía persoal”, e isto supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de decisións no traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

Finalmente, e a pesar de que a **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** non se mencionan especificamente nos obxectivos para Lingua Estranxeira, por mor da natureza dos materiais, pódense atopar moitas oportunidades de empezar a desenvolver tamén estas competencias.

3.- CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR:

Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación e competencias clave para cada estándar.

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
Bloque 1: Comprensión de textos orais							
PLE-B1.1	3º-PLEB1.1 - Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Producións orais. Diario de clase.	CCL
PLE-B1.2	3º-PLEB1.2 - Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

	temas familiares ou do seu interese, que conteñen con imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado.					INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos. Observación sistemática.	
PLE-B1.3	3º-PLEB1.3 - Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Diario de clase.</p>	CCL
PLE-B1.4	3º-PLEB1.4 - Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas e conversas breves nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet.					<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Diario de clase.</p>	CCLCAA
PLE-B1.5	3º-PLEB1.5 - Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).					<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Diario de clase.</p>	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

PLE-B1.6	3º-PLEB1.6 - Valora as interaccións orais entre iguais como medio de aprendizaxe compartido.		X	X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos.</p>	CSC
Bloque 2: Producións de textos orais							
PLE-B2.1	3º-PLEB2.1 - Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a e aos demais cunha pronuncia e entoación comprensibles.		X	X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos.</p>	CCL
PLE-B2.3	3º-PLEB2.3 - Aмоса unha actitude de escoita atenta.					<p>: PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Diario de clase.</p>	CSC
PLE-B2.4	3º-PLEB2.4 - Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p>	CCL CSC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

						INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos.	
PLE-B2.5	3º-PLEB2.5 - Aмоса interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros/as.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	CCL CSC
Bloque 3: Comprensión de textos escritos							
PLE-B3.1	3º-PLEB3.1 - Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. : INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CCL
PLE-B3.2	3º-PLEB3.2 - Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual redundante e identifica os e as personaxes principais.			X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. : Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Textos escritos.	CCL
PLE-B3.3	3º-PLEB3.3 - Aмоса interese pola lectura nunha lingua estranxeira.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CAA
PLE-B3.4	3º-PLEB3.4 - Emprega algunhas estratexias		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.	CCL CAA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

	básicas para a comprensión lectora.					INSTRUMENTOS: Producións orais. Caderno de clase	
Bloque 4: Produción de textos escritos							
PLE-B4.1	3º-PLEB4.1 - Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos.</p>	CCL
PLE-B4.3	3º-PLEB4.3 - Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura e cos seus intereses.			X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Outras probas específicas. Caderno de clase.</p>	CCL
PLE-B4.6	3º-PLEB4.6 - Escribe en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata de xeito elemental.		X	X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTO: Caderno de clase.Probas obxectivas</p>	CCL
PLE-B4.8	3º-PLEB4.8 - . Valora a lingua escrita como medio de comunicación.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CCL CSC

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

						INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdótico).	
Bloque 5: Coñecemento da lingua en consciencia intercultural							
PLE-B5.1	3º-PLEB5.1 - Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, actividades, favoritas e gustos) sobre si mesmo e sobre os demais.		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Posta en común.</p>	CCL
PLE-B5.2	3º-PLEB5.2 - Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...).		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Diario de clase.</p>	CCL CSC
PLE-B5.3	3º-PLEB5.3 - Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas.		X	X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Producións orais. Proba obxectiva.</p>	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

PLE-B5.4	3º-PLEB5.4 - Expresa e identifica a localización básica de obxectos.			X		<p>PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Rexistro anecdótico (anecdótico). Caderno de clase.</p>	CCL
PLE-B5.5	3º-PLEB5.5 - Expresa e identifica de xeito elemental os seus desexos.				X	<p>PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. Observación sistemática.</p> <p>INSTRUMENTOS: Asamblea. Rexistro anecdótico (anecdótico).</p>	CCL
PLE-B5.6	3º-PLEB5.6 - Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.			X	X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Outras probas específicas.</p>	CCL CAA
PLE-B5.7	3º-PLEB5.7 - Diferenza preguntas e respostas simples.		X	X		<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Textos escritos. Outras probas específicas.</p>	CCL CSC
PLE-B5.8	3º-PLEB5.8 - Memoriza rutinas lingüísticas básicas e sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas				X	<p>PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.</p> <p>INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos.</p>	CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

	interaccións mais habituais.						
PLE-B5.9	3º-PLEB5.9 - Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados e dramatizacións etc.					: PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos.	CSC
PLE-B5.10	3º-PLEB5.10 - Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir con léxico traballado previamente de forma oral.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Diario de clase. Xogos de simulación e dramáticos. Textos escritos. Caderno de clase	CCL CAA
PLE-B5.11	3º-PLEB5.11 - Participa de forma activa, cooperadora e respectuosa en intercambios lingüísticos en situacións rutineiras reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais.		X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Producións orais. Xogos de simulación e dramáticos.	CCL CSC
PLE-B5.13	3º-PLEB5.13 - Aмоса interese por coñecer		X	X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CSC CCL

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 3º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
CEIP PLURILINGÜE O MOSTEIRÓN- CURSO 2021- 2022

	persoas que falan outras linguas e teñen outras culturas					INSTRUMENTOS: Rexistro anecdótico (anecdotario).	
--	--	--	--	--	--	--	--

4.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Actividade lectiva presencial.

4.1.1 Porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

4.1.2 A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

4.1.3 A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

4.1.4 As catro habilidades (listening, speaking, reading and writing) constitúen un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura.

4.1.5 A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

4.1.6 Prestaráselle especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

4.1.7 Os mecanismos de reforzo, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

4.1.8 Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

4.1.9 Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxe similares nas distintas áreas lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

Actividade lectiva semipresencial.

No caso de que un alumno ou a clase enteira tivera que estar en corentena, polo covid, as tarefas

serían enviadas a través do programa Abalar, tendo a obrigatoriedade de realiza-las mesmas e envíalas ao correo do profesor e profesores especialistas para a súa revisión e corrección.

Actividade lectiva a distancia.

A actividade a distancia faráse a través da Aula Virtual do centro, correos entre as familias e profesor. As actividades colgaránse na Aula Virtual semanalmente, todos os venres, para correxir as tarefas e enviar os resultados as familias na semana seguinte. É obrigatorio que os alumnos/ as fagan as tarefas que se lle envíen, para poder evaluálos.

- Student book, activity book e go further da editorial Richmond. “Richmond GO”
- Fichas de reforzo e ampliación.
- Dicionarios en diferentes formatos(dixital e impreso)
- Flashcards
- Libros en lingua estranxeira.
- Recursos e materiais TIC:
- Encerado dixital
- Computadoras
- Páxinas web de exercicios autocorrexibles na lingua estranxeira como por exemplo axendaweb.net, jueduland, mundoprimaria.com, english 4 kids
- Recursos informáticos da editorial
- Recursos educativos on line.
- Cancións: para a presentación das cancións utilizaremos a plataforma youtube.com
- Lecturas: promoveremos o uso da biblioteca do centro e de biblioteca de aula.

6- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

1. A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso na área.

2. Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

3. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

4. Avaliaranse tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

5. A avaliación final será o resultado do seguinte cómputo:

- 80% nota das probas escritas.
- 5% presentación de traballos persoais e libretas.
- 5% tarefas rematadas e correxidas.
- 5% elaboración de traballos e exposicións.
- 5% esforzo, participación diaria nas distintas actividades.

6. Os instrumentos de avaliación consistirán en probas escritas, observación e rexistro das tarefas diarias.

7. Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.

Suficiente: 5.

Ben: 6.

Notable: 7 ou 8.

Sobresaliente: 9 ou 10.

INDICADORES A AVALIAR				
Adaptouse a práctica docente (metodoloxía, actividades, recursos...) ás características do alumnado, atendendo á diversidade do grupo.	1	2	3	4
Mantívose a motivación do alumnado nas propostas realizadas na aula.	1	2	3	4
Conseguiuse a participación activa do alumnado.				
As metas plantexadas ao longo do curso posibilitaron a consecución dos distintos estándares e competencias clave.	1	2	3	4
A secuenciación dos estándares favoreceu a súa correcta adquisición.	1	2	3	4
Utilizáronse de forma eficaz as TICs nos procesos de ensino aprendizaxe	1	2	3	4
Proporcionouse ao alumnado un “feedback” de como evoluciona o seu proceso de aprendizaxe.	1	2	3	4
Usáronse instrumentos e procedementos de avaliación variados en relación aos aspectos a valorar.	1	2	3	4

Os recursos seleccionados foron axeitados para o correcto desenvolvemento das actividades propostas	1	2	3	4
Os recursos foron diversos, variados, do contorno próximo e adaptado ás características do alumnado	1	2	3	4
Mantívose un clima na aula no que os alumnos se sintansegueros, con confianza, motivados e usando a disciplina e liberdade en función da vida da aula.	1	2	3	4
Modificouse a planificación ao longo do curso, atendendo a flexibilidade, en función da vida cotiá do centro e da aula	1	2	3	4

A ESCALA DE VALORACIÓN É A SEGUINTE:

4SEMPRE	3HABITUALMENTE	2ÁS VECES	1.NUNCA
---------	----------------	-----------	---------

8., ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Para o alumnado que teña a lingua estranxeira suspensa en cursos anteriores o que faremos será tomar como referencia os estándares mínimos da materia, e crear actividades de reforzo e recuperación tanto escritas como orais e en diferentes soportes coa fin de que este alumnado adquira os coñecementos que non foron acadados e así favorecer a adquisición de novos coñecementos.

O reforzo educativo será dado pola mestra de lingua estranxeiras na aula.

9.- DISEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Ao comezo do curso farase unha **avaliación inicial** dirixida a cada alumno/a do curso, co obxecto

de determinar os seguintes aspectos:

- O coñecemento previo específico en cada unha das áreas.
- As características persoais.
- As aptitudes ou habilidades intelectuais.
- A actitude.

Os instrumentos utilizados para a avaliación inicial son os seguintes:

*Observación directa.

* Análise de traballos escritos: estrutura do texto, marxes, limpeza, orde, grafía, vocabulario, signos de puntuación, argumentación....

As **medidas** a tomar en función dos resultados acadados

Se os resultados da avaliación inicial non son satisfactorios, implementaríamos as seguintes

medidas:- *Reforzo educativo na aula por parte da especialista

*-Reforzo dentro do grupo cooperativo de traballo.

10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade

(TDAH), altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso axeitado, de conformidade co disposto nos artigos 71 a 79 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

2. Entre as medidas indicadas na epígrafe anterior considéranse as que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
3. A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerese polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo.
4. A identificación e valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma máis temperá posible, nos termos que determine a consellería competente en materia de educación. Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.
5. Correspóndelle á consellería competente en materia de educación establecer as condicións de accesibilidade ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, os recursos de apoio que favorezan ese acceso e, de ser o caso, os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo dese alumnado. Estas adaptacións se realizarán buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias clave, e a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións.
6. Sen prexuízo da permanencia durante un curso máis na etapa, prevista no artigo 20.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais na etapa de educación primaria nos centros docentes ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a súa integración socioeducativa.
7. A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería competente en materia de educación, flexibilizarase nos termos que determine a normativa vixente. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias

propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.

8. Os plans de actuación, así como os programas de enriquecemento curricular adecuados ás necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais, que lle corresponde adoptar á consellería competente en materia de educación, permitirán desenvolver ao máximo as capacidades deste alumnado e terán en consideración o seu ritmo e o estilo de aprendizaxe, así como o daquel alumnado especialmente motivado pola aprendizaxe.
9. A escolarización do alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo, ao que se refire o artigo 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, realizarase atendendo ás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico. quen presente un desfasamento no seu nivel de competencia curricular de máis de dous anos poderá ser escolarizado no curso inferior ao que lle correspondería por idade. No caso de superar ese desfasamento, incorporárase ao curso correspondente á súa idade.

Para o alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación, de ser o caso, do seu desfasamento e que lle permitan continuar con aproveitamento os seus estudos.

11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

No artigo 11 do Currículo de Primaria aparecen os dos elementos transversais entre outros, de “ A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional.

Estes elementos serán traballados ao longo do curso tanto de forma oral coma escrita.

12.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA .

No noso centro levamos a cabo mecanismos de revisión, avaliación e modificación destas programacións co fin de optimizar o proceso de ensino-aprendizaxe do noso alumnado. Para iso, precisamos a coordinación do *equipo docente do nivel*, deste cos *órganos de goberno* (equipo directivo) e cos *órganos de coordinación docente* (CCP, claustro, departamento de orientación).

Respecto aos criterios sobre a coordinación interna do equipo docente, pódense considerar os seguintes indicadores:

- Valoración de tarefas realizadas
- Necesidades de coordinación atendidas
- Grao de consecución acadado nos obxectivos propostos ao inicio de curso.

Respecto aos criterios sobre o desenvolvemento da programación, repercusións e colaboración co centro, pódense considerar:

- Uso dos recursos do centro
- Intercambio de documentos e materiais co resto do centro
- Adquisición de novos materiais para o centro e para os diferentes niveis.

Todo isto permite planificar as tarefas e actividades, a dotación e distribución de recursos e materiais, manter o ambiente de traballo e a participación, así como mellorar a atención á diversidade. A valoración destes aspectos efectuarase a través diferentes mecanismos:

* Nas reunións de niveis, analizarase o grao de cumprimento da programación, as dificultades que vaian xurdindo e os cambios que se vaian adoptando, que deberán quedar recollidos na correspondente acta de nivel e poderán ser obxecto de debate tamén cos outros niveis, nos órganos de coordinación docente.

* En cada avaliación os membros do nivel analizarán a consecución dos obxectivos previstos, as cualificacións do alumnado , as estratexias metodolóxicas, as actividades que se van realizando co fin de optimizar o proceso de ensino-aprendizaxe.

* Xa no mes de xuño, na memoria final del curso, o equipo docente onde se verá o grao de eficacia obtido ao aplicar a programación durante todo o curso. É pois, na memoria final, onde se determinarán os aspectos que se consideran positivos e os aspectos que se consideran negativos e, polo tanto, alí explicárase o que hai que modificar ou manter: temporalización, materiais empregados, metodoloxía, adecuación dos criterios de avaliación e cualificación, instrumentos e procedementos de avaliación...

13- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Este curso o equipo de Plurilingüismo será o encargado de deseñar actividades do día da violencia de xénero e o curso de terceiro de Primaria participará traballando un libro que verse sobre esta temática

Tamén realizaranse actividades relacionadas co PDI deste ano “A máquina do tempo do Mosteirón” .